

**COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL E PERMANENTE DE INCENDIOS
FORESTAIS E EMERXENCIAS**

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **15 de marzo de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Rosendo Luís Fernández Fernández DEPUTADOS/AS: D. Pablo Pérez Pérez D. Jorge Pumar Tesouro D. Antonio Montero Fernández D. Manuel Doval Soto D ^a . Montserrat Lama Novoa D. Vicente Gómez García D. Adolfo González Nóvoa D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTORA ACCTAL.: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 15 de marzo de 2018 , ás 18.30 horas, baixo a presidencia de don Rosendo Luís Fernández Fernández e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
--	---

1º.- CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN.-

Unha vez constatada a existencia de quórum suficiente, declárase constituída a comisión.

2º.- PROPOSTA DE DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN A FAVOR DO DEPUTADO DELEGADO DE COOPERACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN DO MANDATO 2015-2019.-

O presidente da comisión expón o contido da proposición.

Non se producen intervencións e o voto favorable do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do BNG (1), a comisión adopta o seguinte acordo:

- Proponerlle á Presidencia da Deputación Provincial a delegación das funcións de presidencia da Comisión Informativa Especial e Permanente de Incendios Forestais e Emerxencias no deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Plan do Mandato 2015-2019.

3º.- INFORME SOBRE AS ACTUACIÓNS REALIZADAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE EN MATERIA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS.-

O presidente da comisión cédelle a palabra a don Pablo Pérez Pérez, deputado delegado de Cooperación, para que informe sobre as actuacións realizadas pola Deputación en materia de prevención e extinción de incendios, poñendo de manifesto que esta comisión se crea coa vontade de que opere como un auténtico grupo de traballo, sinalando que este ano 2018 é de enorme importancia, xa que está en marcha a modificación da lexislación sobre prevención e extinción de incendios forestais. Desde o Grupo Popular queren que se fagan propostas en dous sentidos, un respecto ás competencias da Deputación en labores de extinción e outro respecto da prevención de incendios, onde cre que a Deputación pode ter un papel máis importante ao dispoñer de maquinaria para a realización de rozas. Cre importante que desde a Deputación se poida elaborar unha proposta común de cara á nova lexislación e lembra que a Deputación forma parte da Mesa Comarcal de Incendios de Verín, onde xa se formularon algunhas propostas. Espera que no prazo dun mes se poidan presentar esas propostas, e empraiza aos demais grupos a formular as súas nese prazo. Cre tamén importante falar coa Xunta para planificar as actuacións da campaña de verán, para mellorar a coordinación e poder reforzar co

persoal da Deputación os medios da Comunidade Autónoma. Informa por último que a Deputación vai presentar un proxecto do Programa POCTEP denominado Raiasecus, en asociación cos concellos da Comarca de Verín e as cámaras de Chaves e Montealegre, para poñer en marcha unha experiencia piloto de acción transfronteiriza contra os incendios forestais.

D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular, fai fincapé na necesidade de conseguir a colaboración do Catastro para unha correcta identificación dos titulares dos predios, xa que é necesario para poder esixir eficazmente desde os concellos o cumprimento das obrigacións de limpeza dos predios.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, coincide co apuntado polo Sr. Doval. Cre que a competencia da Deputación é a de axudar aos concellos. Cre tamén que se se crease unha mesa provincial para o tema dos incendios sobraría a mesa comarcal de Verín.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular, di que a Deputación foi invitada á mesa de Verín e polo tanto non imos ser nós os que propoñamos a disolución; pero é certo que se se consolida unha mesa provincial a mesa comarcal de Verín sería redundante.

D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo Popular, con respecto ao proxecto que se presentará ao Poctep, advirte que se presentará a un proxecto de concorrència competitiva.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, pregunta se a periodicidade desta comisión vai ser fixa.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular, di que non e que se convocarán as comisións que sexan necesarias en función das necesidades.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar, ás 18.55 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.